SERVIZO GALEGO de SAÚDE

# OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2017
## GRUPO TÉCNICO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA

## 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

### INSTRUCIÓNS:

**1.** - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

**2.** – Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Galego"** entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".

**3.** – O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.

**4.** – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.

**5.** - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

**6.** - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

**7.**- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

**8.** - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

*LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS*
*QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS*
*PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO*

**1. Escolla a forma CORRECTA do feminino da seguinte palabra: "Xudeu":**

A) Xudea.

B) A xudeu.

C) Xudía.

D) Xudeía.

**2. Indicar o nome da árbore que produce a abelá:**

A) Abeleira.

B) Abelleira.

C) Abeleiro.

D) Abilleiro.

**3. Adaxio é sinónimo de:**

A) Sentenza.

B) Peza musical do século XVIII.

C) Poema endecasílabo.

D) Libro xurídico que non supera as 50 páxinas de extensión.

**4. Elixa a forma CORRECTA:**

A) Xoan e Susana son os civís que xestionan os expedientes patrimoniais.

B) Xoan e Susana son os civís que xestionan os expedientes patrimoniales.

C) Xoan e Susana son os civiís que xestionan os expedientes patrimoniais.

D) Xoan e Susana son os civiles que xestionan os expedientes patrimoniais.

**5. Cal das seguintes palabras NON é correcta**

A) Esixíbel

B) Exixíbel

C) Exixible

D) Exisíble

**6. Cal é a forma correcta do Infinitivo Conxugado?:**
**De ________________ os feitos de forma obxectiva, o ditame sería outro.**

A) Xulgardes.

B) Xulgásedes.

C) Xulgaredes.

D) Xulgases.

**7. Escolla a forma CORRECTA do adverbio:**
**Os textos xurídicos deben quedar ________ do recinto do exame.**

A) Fora.

B) Fóra.

C) Afora.

D) Afóra.

**8. Elixa a forma CORRECTA:**

**Despois de moitos tratamentos, dixéronlle que tiña _______.**

A) O síndrome de Estocolmo.

B) A síndrome de Estocolmo.

C) O sindroma de Estocolmo.

D) A síndroma de Estocolmo.

**9. Elixa a forma CORRECTA:**

A) Vinte e unha.

B) Vinteún.

C) Vintiunha.

D) Vinta e unha.

**10. Escolla a forma CORRECTA:**

A) Os prazos expresados en días contaranse por días naturais.

B) Os plazos expresados en días contaranse por días naturales.

C) Os prazos expresados en días contaránse por días naturais.

D) Os plazos espresados en días contaranse por días naturais.

Preguntas de reserva

**1. Cal das seguintes NON é CORRECTA?:**

A) Dacordo.

B) Conforme.

C) Embaixo.

D) Excepto.

**2. Escolla a forma CORRECTA:**

A) Os actos administrativos poderanse recorrer directamente perante a orde xurisdicional contencioso - administrativa.

B) Os actos administrativos poderanse recorrer directamente perante o orde xurisdicional contencioso - administrativa.

C) Os actos administrativos poderanse recorrer diretamente perante a orde xurisdiccional contencioso - administrativa.

D) Os actos administrativos poderanse recorrer directamente perante o orde xurisdiccional contencioso - administrativa.